Escola Sommelierow

Escola Adam Pawlowski MS

5 marcas

50 asistentes.

PLAN SUIZA

MISIÓN "SWISS HOTEL MANAGEMENT SCHOOLS"

14-15 de outubro

4 profesores.

SEMINARIOS "SWISS HOTEL MANAGEMENT SCHOOLS"

30 de outubro. Les Roches International School of Hotel Management

31 de outubro. Ecole hôtelière de Lausanne

31 de outubro. SHMS, Swiss Hotel Management School "Mont-Blanc Palace"

18 de novembro. Hotelfachschule Zürich HF Belvoirpar

19 novembro. Ecole hôtelière de Genève "ES"

19 de novembro. Glion Institut de Hautes Etudes

20 de novembro. César Ritz Colleges Switzerland

21 de novembro. Schulhotel der HTF Hotel- und Touristikfachschule Chur AG

Entre 8 e 10 referencias por cata.

Entre 40 e 60 alumnos por escola.

OUTRAS ACTIVIDADES



FEIRA 'VINO DIENOS' (DÍAS DE VIÑO)

3-4 de maio. Vilna (Lituania)

53 marcas.

150 asistentes.

FEIRA VINEXPO

13-16 de maio. Burdeos (Francia)

45 adegas.

79 referencias no túnel do viño.

600 asistentes.

GRAND TASTING & SEMINAR SEÚL

10 de xuño. Seúl (Corea do Sur)

9 adegas.

48 asistentes ao Seminario e 178 á Grand Tasting.



GRAND TASTING & SEMINAR SINGAPUR

13 de xuño. Cidade de Singapur (Singapur)

11 adegas.

56 asistentes ao Seminario e 140 á Grand Tasting.

MISIÓN COMPRADORES CENTROAMÉRICA

23-24 de setembro. Vigo - Galicia (España)

30 adegas.

10 asistentes de Panamá. O Salvador, Guatemala e Costa Rica.

VISITAS Á D.O. RÍAS BAIXAS

1 de abril. China

5 dos máis célebres formadores do sector: Corinne Mui, Sam Chen, Xin Wei, María Antonia Fernández Daza y Ofilos Wu.

22 de maio. Finlandia e Estonia

1 de xullo. Victoria Mason Waitrose (Reino Unido)

14-16 de outubro. Hotelschool Ter Duinen (Bélxica)



FEIRA WINE & SPIRITS HONG KONG

7-9 de novembro.. China

25 adegas.

50 referencias.

Obxectivo para 2019

Potenciar a notoriedade mantendo a cobertura

*Impactar aos consumidores
do viño en xeral*

BROAD TARGET

**HOMES E MULLERES
+ 25 ANOS**

ÍNDICES ECONÓMICOS IA1-IA2-IB-IC-ID
(Clases sociais A, M-A e MM)

*Reforzar a presenza ao redor
do viño branco*


CORE TARGET

**MULLERES
25-55 ANOS**


ÍNDICES ECONÓMICOS IA1-IA2-IB-IC-ID
(Clases sociais A, M-A e MM)

Campañas e medios

Timing das campañas (% sobre o investimento total)




Medios (% sobre o investimento total)



Impacto das campañas

GRP TOTAL



Obxectivos globais conseguidos

1

Desestacionalizar a campaña para incentivar antes o consumo e adiantarnos á competencia

3

Alcanzar os obxectivos de medios. Potenciar a notoriedade mantendo niveis óptimos de cobertura

2

Manter a frecuencia das campañas al longo do ano

4

Xerar interacción. aumentar o engagement do usuario coa marca

Resultados globais

*GRP AD +16 = 611,43
GRP BROAD TARGET = 679,10
GRP CORE TARGET = 640,54*

*+ 198 M CONTACTOS TOTAIS
NO BROAD TARGET*

*DA PARTE DIXITAL CONSEGUÍRONSE EN TOTAL:
91,3 M. DE IMPRESIÓNS
422.500 CLICKS - 0,46% CTR
11,7 M. DE VIEWS COMPLETAS - 46% VTR*

Principais conclusións:

En 2019 alcanzouse unha presión de máis de 600 GRP a nivel xeral, véndose esta cifra moi reforzada nos públicos obxectivo, sobre todo no Broad Target, onde se conseguiron máis de 198 millóns de contactos útiles. A campaña tivo unha elevada visibilidade, convertíndose no ano con maior número de contactos totais no target principal.

A televisión permitiu xerar a maior cobertura da campaña. Foi co medio on line co que melloramos a penetración no Broad Target. E gracias ás revistas conseguiu reforzar o Core. Ademais, os formatos especiais realizados en todos os medios axudaron a conseguir o obxectivo de notoriedade.

Internet


*Internet permítenos dispoñer de moita información
DATA xenerada polas campañas*

A final de 2019 contamos cunha media de 900.000 cookies moi interesadas na nosa marca. "Interactuaron nas landings".


*TOTAL DE USUARIOS
D.O. RÍAS BAIXAS:
2,2 M.
LANDINGS + CAMPAÑAS*


*Ademais temos un
segmento de LOOKALIKE
de:
21 M.
USUARIOS*

Evolución de fans




Evolución da interacción





Con Internet, a D.O. Rías Baixas estivo en 2019 nos soportes e formatos de vangarda. Pasouse do modelo tradicional á compra programática. Ademais, incorporáronse plataformas DSP, DMP, Ad-server e Analítica. Cóntase así con moita información do público e do mellor xeito de chegar ata el.



Newsletter corporativo mensual

Incorporación de 529 novos contactos en 2019

774 subscritores acumulados en 2019

Máis do 50% de aperturas de contidos son de usuarios de España

O segundo país con máis lecturas é Estados Unidos

RÍAS BAIXAS OBTEN 36 GALARDÓS NOS 'BACCHUS 2019'

26 de marzo

A Denominación de Orixe Rías Baixas obtivo uns bos resultados na decimoséptima edición do Concurso Internacional de Viños Bacchus 2019 con 36 viños galardoados. Das 73 marcas de Rías Baixas presentadas a este destacado certame vinícola, un viño foi premiado co Gran Bacchus de Ouro, un total de 17 viños desta denominación foron galardoados co Bacchus de Ouro, e 18 co de Prata. Rías Baixas mantense así como a Denominación de Origen galega con máis medallas nesta edición.

O presidente deste Consello Regulador, Juan Gil de Araujo, asistiu como representante da entidade á Cea de Gala Bacchus, celebrada o domingo, 10 de marzo, no Hotel Urban de Madrid, e que estivo protagonizada por 30 marcas de Rías Baixas. Á cea acudiron os membros do xurado, entre os

edición presentáronse un total de 1.650 viños procedentes de 18 países.

PLACA COMEMORATIVA DA DECLARACIÓN DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL DA FESTA DO ALBARIÑO

1 de abril

O presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, Juan Gil de Araujo, descubriu a placa conmemorativa da declaración da Festa do Albariño como Festa de Interese Turístico Internacional. A placa está ubicada na entrada do Paseo da Calzada de Cambados. Juan Gil de Araujo estivo acompañado neste acto pola corporación municipal de Cambados, encabezada pola alcaldesa, Fátima Abal, así como por adegueiros e diversos representantes do sector vitivinícola de Rías Baixas. Gil de Araujo destacou que a declaración da Festa do Albariño de Cambados como

pecial mérito, pois o mérito é de todos". Neste sentido, Gil de Araujo citou ás distintas personalidades responsables dos fitos salientables da Festa do Albariño ao longo da súa existencia e exhortou a que "ninguén se deixe deslumbrar polo brillo da placa porque detrás dela hai todo un pobo, hai milleiros de viticultores mimando ás súas viñas para acadar as mellores uvas, decenas de adegueiros realizando a miragre da súa transformación en viño, no noso maravilloso Albariño Rías Baixas". O presidente de Rías Baixas tampouco esqueceu a moitos outros traballadores implicados directa e indirectamente no sector, o labor da hostalaría cambadesa, o persoal de organización, loxística, limpeza e seguridade da festa ou as súas características 'peñas'.

AS EXPORTACIÓNS MEDRAN UN 9,32 POR CENTO EN VOLUME E UN 10,35 POR CENTO EN VALOR

10 de abril

A Denominación de Orixe Rías Baixas vendeu máis e máis caro nos mercados internacionais. Preto de 70 países gastaron preto de corenta millóns de euros en máis de 7 millóns de litros deses viños durante o exercicio 2018. Un crecemento que se deixou sentir nun 10,35% en valor (cun prezo medio por litro de 5,55 euros) e nun 9,32% en volume.

Esta vendas foron posibles grazas a que O Órgano de Control e Certificación do Consello calificou un total de 25.562.695 litros de viño en 2018, que permitiron atender tanto aos mercados internacionais como aos nacionais e locais.

Estes resultados son froito de anos de traballo e de inversión nos diferentes mercados. Neste momento, 109 adegas das 183 inscritas, xa están vendendo internacionalmente. A maioría delas, 103 empresas, estanse apoiando en diferentes plans de exportación que ten en marcha este Consello Regulador. Actualmente, suman un total de 9 en Alemaña, Canadá, Estados Unidos, Xapón, México, Países Baixos, Polonia, e Reino Unido. Precisamente, en Canadá vense de poñer en funcionamento este ano.

9.579.273 botellas de Rías Baixas vendéronse nos mercados de exportación durante 2018. Os principais destinos foron Estados Unidos, Reino Unido, Porto Rico, Holanda - que se incrementou en case un 48%-, Alemaña, Irlanda, Canadá - cun cre-



O presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, Juan Gil de Araujo, descobre a placa conmemorativa de declaración da Festa do Albariño como Festa de Interese Turístico Internacional.

que se atopaban Masters of Wine, tamén Master of Sommerlier, así como responsables de compra de importantes cadeas, catadores e xornalistas especializados, procedentes dunha vintena de países.

O Concurso Internacional de Viños Bacchus está considerado como o maior certamen vitivinícola do país. A esta decimoséptima

Festa de Interese Turístico Internacional, lograda en setembro do ano anterior, supón "a culminación natural" do seu longo proceso de crecemento, dende a súa orixe practicamente espontánea en 1953 ata a súa dimensión actual. O máximo responsable do Consello Regulador expuxo que "ninguén debería atribuírse es-

cemento algo superior ao 52%-, México, Suecia - cun aumento superior ao 91%-, e Bélxica, que tamén se incrementou en máis do 93%.

A 'GUÍA PEÑÍN' EVALÚA 270 MARCAS DA D. O. RÍAS BAIXAS

11 de abril

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas acolleu a cata da Guía Peñín de 2019. O seu director, Carlos González, e o seu editor, Javier Luengo, avaliaron algo máis de 270 referencias, o que supón un récord para esta publicación en Rías Baixas.

Carlos González explicou que, nesta ocasión, a cata adiantouse un par de meses con respecto ao que viña sendo habitual. Isto permitiulles contar con máis viños de colleitas anteriores, xa que a de 2018 aínda non tiña presenza xeralizada no mercado. Deste modo, boa parte dos viños avaliados pertencían á colleita 2017 e previas como 2016, 2015, 2014 ou mesmo 2010. González afirmou que comprobaron que “o Albariño Rías Baixas exprésase moi ben co tempo, e resultan viños moi complexos, sacan moita mineralidade, salinidade, expresión balsámica, loureiro, herbas verdes...”.

O responsable da “Guía Peñín” fixo fincapé na súa función educativa cara ao consumidor de viño: “como prescriptores tentamos que non teña tanta presa en consumir viños brancos do ano, e en Rías Baixas precisamente vese que teñen acidez, evolucionan moi ben e non hai risco de que a botella decaiga en dous ou tres anos, senón todo o contrario”. De feito, viños de 2017 catados o ano anterior, recién saídos ao mercado, obtiveron unha media de dous ou tres puntos máis.

CUALIFICACIÓN DE MOI BOA PARA A COLLEITA DA D. O. RÍAS BAIXAS 2018

25 de xuño

A Colleita 2018 da D.O. Rías Baixas foi cualificada polo Pleno do seu Consello Regulador como “Moi Boa”. Así o anunciou o presidente desta Denominación de Orixe, Juan Gil de Araujo, durante o tradicional almorzo de traballo cos medios de comunicación celebrado en Madrid.

Dita cualificación da Colleita foi ratificada na sesión do Pleno do venres 21 de xuño. A decisión tomouse en base a un informe técnico, desenvolvido polo Órgano de

Certificación e Control, que incluía datos relativos á colleita e vendima de 2018, así como ás análises sensorial e fisicoquímica levadas a cabo ata o 31 de maio. Ademais o documento apóiase en que máis do 50% do viño elaborado desta colleita xa fora cualificado e, polo tanto, valorado a través dos devanditos parámetros. De feito nos primeiros cinco meses de 2019, o viño cualificado por esta denominación medrou

Baixas participaron nunha xornada sobre mercados exteriores celebrada no Pazo de Mugartegui. As directoras de contas de Gregory+Vine, Natasja Mallory e Trish Heywood, presentaron os resultados do seu estudo sobre as tendencias do mercado estadounidense no que ao consumo de viños se refire, así como un balance da última campaña de promoción en Estados Unidos e un adianto da seguinte.



Inauguración da novena edición do Túnel do Viño na LXVII Festa do Viño Albariño da D.O. Rías Baixas, en Cambados.

un 1,7 % con respecto ao mesmo periodo do ano anterior, de xeito que, a 31 de maio de 2019, verificáranse 13.177.444 litros, o que demostra que o mercado estaba a responder moi satisfactoriamente a esta colleita.

Con respecto ás valoracións do panel de cata, o presidente do Consello Regulador destacou que la Colleita 2018 “nas fases visual e olfativa, responde ás características propias dos viños desta Denominación de Orixe: amarelo palla con tons brillantes e limpos e con aromes cítricos, herbáceos e florais e tamén con matices frutais (mazá e froita de óso)”.

CRECE O INTERESE POLOS VIÑOS RÍAS BAIXAS EN NORTEAMÉRICA

17 de xullo

Representantes das adegas da D.O. Rías

Na actualidade, das 182 adegas adscritas a esta denominación, 109 atópanse xa en plans de exportación, o que supón case o 60%. Delas, ao redor de 50 exportan a Estados Unidos, principal mercado internacional para os viños de Rías Baixas, ao que se venderon no exercicio de 2018 un total de 2.373.862,93 litros.

Desde Gregory+Vine salientaron que, se ben o consumo de viño en xeral se ralentizou e se atopa nun 1,4%, no caso dos viños ‘Premium’ –segmento no que están os Rías Baixas- esta porcentaxe se incrementou entre o 4 e o 8%. Estas cifras ofrecen unhas perspectivas moi esperanzadoras para os viños desta Denominación de Orixe, máxime no contexto actual, no que os consumidores americanos demandan viños brancos importados –que non sexan tipo Chardonnay-, principalmente frescos e espumantes.

Por outra banda, a axencia Gregory+Vine presentou o balance da súa campaña promocional 2018-2019, que rexistrou moi bos resultados. “Acadamos un récord de 399 artigos publicados sobre os viños de Rías Baixas, tanto en xornais como en revistas. Esta cantidade supón un incremento dun 30% con respecto á campaña anterior”, indicou Natasja Mallory.

APOSTA POLO TÚNEL DO VIÑO NA FESTA DO ALBARIÑO D.O. RÍAS BAIXAS **5 de agosto**

O IX Túnel do Viño, organizado polo Consello Regulador, mantívose como un dos pratos fortes da LXVII Festa do Viño Albariño D.O. Rías Baixas en Cambados. Foron moitos os amantes do viño, concretamente 510 persoas, as que se achegaron entre o xoves, 1 de agosto, e o domingo, 4 de agosto, ao Salón de Congresos e Exposicións ‘José Peña’ para degustar algunhas das máis de 150 marcas de 60 adegas expostas.

A directora do Departamento de Marketing, Eva Mínguez, amosou a súa satisfacción pola resposta do público: “estamos contentos coa boa acollida, xa que pasaron máis de medio milleiro de persoas durante os catro días que o túnel abriu as súas portas”.

Outro de los intres máis salientables da fin de semana foi a XXXI Cata Concurso Rías Baixas Albariño durante a que se elixiu o mellor albariño Rías Baixas da Colleita 2019. A Medalla de Ouro recaeu en Señorío de Rubiós (da Adega Señorío de Rubiós), mentres que a de Prata foi para Lagar de Costa (da Adega Lagar de Costa) e a de Bronce, para Castel de Fornos (de Adegas Chaves).

Nesta trixésima primeira edición participaron un total de 59 marcas. Foron analizadas por 22 expertos, pertencentes tanto ao panel interno do Consello Regulador como a un panel externo.

CATA GALLAECEIA NO PAZO DE MUGARTEGUI

13 de agosto

A Asociación de Sumilleres Gallaecia realizou a súa tradicional cata na sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas. Ate alí desprazáronse dezasete expertos, que valoraron 140 marcas desta denominación. Ao día seguinte continuaron

con esta valoración nas súas instalacións nas que avaliaron 60 marcas máis de Rías Baixas.

Dezasete profesionais –entre sumilleres, enólogos, técnicos dos Consellos Reguladores e críticos- foron os encargados de valorar as referencias. Dividíronse en tres paneis de cata, sen recibir máis información sobre cada viño que a colleita á que corresponde. Cada panel de cata dividiu as marcas en bloques de 25. Durante a mañá avaliaron viños brancos das distintas tipoloxías acollidas dentro da Denominación de Orixe, dende viños da colleita 2018 ata viños sobre lías, con madeira, seleccións de colleita... Ao día seguinte cataron sesenta viños, repartidos entre tintos e espumosos Rías Baixas.

INTERESE EN CENTROAMÉRICA **POLOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS**

23 de setembro

Trinta adegas da D.O. Rías Baixas participaron na misión comercial inversa organizada pola Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa, en colaboración co Consello Regulador. Tratouse da segunda edición desta actividade, que se iniciara en 2018 con compradores asiáticos. Nesta ocasión, os importadores procedían de Centroamérica. O acto oficial de apertura, que se desenvolveu no Hotel Ciudad de Vigo, estivo presidido polo director xerente da Cámara, José Manuel García Orois, e acompañouno o presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo.

Os dez compradores proviñan de Costa Rica, e maioritariamente de Guatemala, O Salvador e Panamá.

AUMENTA A CUOTA DOS RÍAS BAIXAS NO MERCADO NACIONAL

17 de decembro

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas presentou os datos da D.O. Rías Baixas do “Informe anual do mercado de viños con D.O. Rías Baixas. Mercado español: canais de Alimentación e Hostalaría”, elaborado por The Nielsen Company para a Fundación Juana de Vega coa colaboración da Xunta de Galicia. Ao acto asistiron 25 profesionais de adegas. Ricardo Alcón, comercial manager de Nielsen, encargouse de presentar o estudo e explicou que “a venta do viño

con Denominación de orixe reduce lixeiramente o máximo de vendas acadado o ano anterior no conxunto das canles de alimentación e hostalaría”. En canto a valor, Alcón destacou que “dada a importancia que a canle da hostalaría ten para os viños de maior valor, onde os Rías Baixas teñen o seu posicionamento, a tendencia en hostalaría segue a ter unha enorme importancia”.

Os viños da D.O. Rías Baixas incrementaron a súa cuota de mercado en volume ao 3,1% con respecto ao ano anterior, unha cifra que lle permite ocupar a octava posición dentro do Ranking de Denominacións de Orixe en volumen do mercado nacional.

124.000 BOTELLAS DE ESPUMOSO CERTIFICADAS

18 de decembro

Máis de 124.000 botellas de Rías Baixas Espumoso de Calidade certificou o Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas en 2019. Trátase dun produto que xa está consolidado dentro da gama de elaboracións existentes e permitidas polo Pliego de Condicións. Na campaña contou con 16 adegas que elaboraron 24 marcas de Rías Baixas Espumoso de Calidade”.

GRAN ANO DE PREMIOS E ELOXIOS INTERNACIONAIS

30 de decembro

Os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas sumaron 220 galardóns coa súa participación en concursos enolóxicos nacionais e internacionais durante 2019. Contabilizaron, en concreto, 202 premios e 18 eloxios en 16 das citas establecidas en no calendario oficial da Organización Internacional da Viña e o Vino (OIV) ás que concorreron dende ao longo do ano distintas adegas adscritas á denominación.

Do conxunto de galardóns, 8 son da categoría de gran ouro, 65 da de ouro, 110 de prata e 82 de bronce. Os viños de Rías Baixas destacados corresponden na súa maioría á colleita 2018. Un feito que corrobora a cualificación de dita colleita como ‘Moi Boa’.

Así, os premios dos máis prestixiosos concursos internacionais certifican o posicionamento dos viños de Rías Baixas entre os mellores viños brancos do mundo.

REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 05 DE FEBREIRO DE 2019, BAIXO A PRESIDENCIA DE D. XOSÉ GONZÁLEZ VÁZQUEZ, CONSELLEIRO DE MEDIO RURAL

ASUNTOS ANALIZADOS:

- Loubanza especial e emotiva para a figura do vogal falecido D. Francisco Doval López, representante do censo de adegas de menos de 100.000 litros nas dúas últimas lexislaturas, propietario da adega Cabaleiro do Val e presidente da Asociación de Adegas Artesanas de Rías Baixas.
- Intervención do presidente do Consello Regulador, D. Juan Gil de Araujo González de Careaga, para facer un breve repaso dos datos e acontecementos máis relevantes do 2018 no que ás actividades e traxectoria do Consello Regulador se refire: posicionamento nos mercados e peso no panorama vitivinícola de España (ventas, exportacións, valor). Tamén expón asuntos do ámbito xeral que preocupan ao sector: as dificultades que prantexa o Real Decreto 1338/2018, polo que se regula o potencial vitícola de España, para manter o modelo produtivo tradicional da viticultura de Rías Baixas; os cambios que se recollen na proposta normativa da PAC (flexibilización do concepto de Denominación de Orixe, liberalización das plantacións máis aló do 2030, híbridos, definición dos viños); os cambios na normativa de etiquetado, que esixirán ás adegas adaptar as presentacións dos seus viños para incluír valores nutricionais e ingredientes; a complicada situación dos mercados e a saída do Reino Unido da Unión Europea, e a moi necesaria e demandada simplificación administrativa.
- Intervención dos Sres. vogais, aproveitando a presenza do Sr. Conselleiro do Medio Rural, D. Xosé González Vázquez, para presentar as súas inquedanzas orientadas a un mellor desenvolvemento do sector: sobre a necesidade de man de obra e a dificultade para contratar persoas para os traballos no viñado; sobre as axudas de reestruturación e a dificultade para acceder ás autorizacións de plantación; sobre a habilitación de liñas de subvención agroambientais e plans de mellora para os operadores primarios propietarios de pequenas explotacións e explotacións familiares; sobre a accesibilidade á selección clonal da EVEGA; sobre

a simplificación administrativa da tramitación e xustificación das axudas OCM, para a promoción en terceiros países; sobre a preocupación polo fraude alimentario dos viños e augardentes sin etiqueta, e a competencia desleal dos furanchos; sobre a necesaria coordinación entre administracións para simplificar os requerimentos e trámites administrativos; sobre a necesidade de formación (cursos de capacitación para viticultores), con maior incidencia na creación de un grao universitario de Enoloxía nalguna Universidade galega; sobre a necesidade de contar en Galicia cun laboratorio para realizar a análise contradictoria e o dirimente das mostras de viños, en cumprimento da norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Con relación ás consideracións e demandas presentadas, o Sr. Conselleiro concorda que todas elas son lóxicas e aceptables, propias dun sector maduro e preocupado por un crecemento ordenado e equilibrado, e comprométese a estudar e plantexar solucións.

- Intervención do Sr. Conselleiro para explicar as que serán liñas básicas de actuación da Consellería: apostar pola terra potenciando as explotacións agrarias galegas, sobre todo as que están inscritas en DO's e IGP's, propiciando políticas que contribúan a xerar valor engadido e rendibilidade no medio rural; aplicar cambios na estrutura da Consellería para reforzar a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL); aplicar medidas para poñer en valor a terra agraria de Galicia atallando o minifundismo, recuperando as terras abandonadas e creando polígonos agrarios; apostar polo viño de calidade como punta de lanza para o resto de produtos agrarios, polo seu valor engadido e o bo traballo realizado polo conxunto do sector, manifestando a súa oposición a unha Denominación de Orixe de viños de Galicia, pero sí respaldando unha promoción conxunta de todas as Denominacións de Orixe de viños de Galicia; manifesta a súa intención de crear unha marca de calidade para dar amparo comercial a todos os produtos agrícolas galegos; expón o seu desexo de impulsar un Plan Estratéxico para a dinamización das comarcas vitivinícolas galegas, un plan conxunto das Consellerías do Medio Rural e Cultura e Turismo, implicando a todas as administracións, facéndoo extensivo ás rutas do viño, aos axentes, á industria turística e a outros produtos do territorio; actualizar o Rexistro Vitícola de

Galicia para convertilo nunha ferramenta práctica; manifesta a súa 'tolerancia cero' co fraude alimentario e a súa firme vontade de loitar contra él; apostar por manter unha viticultura produtiva, defendendo a viticultura profesional, pero tamén apoiando a viticultura a tempo parcial (pluriactividade). Finalmente expresa a súa intención de promover a mesa sectorial agraria, dando entrada ás Denominacións de Orixe.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 27 DE MARZO DE 2019.

ASUNTOS ANALIZADOS:

- Estudio e valoración do informe elaborado polo Departamento Técnico sobre os resultados obtidos durante os controis realizados no Mercado.
- Estudio e valoración do informe, elaborado polo Departamento Técnico, relativo á verificación de viño e a súa evolución histórica.
- Presentación das propostas da axencia AVANTE para a campaña de promoción durante a primavera de 2019, que ten por obxecto potenciar a notoriedade da marca Rías Baixas Albariño mantendo a cobertura e buscando frecuencia.
- Presentación e debate sobre asuntos relacionados coa promoción que previamente foron estudados e traballados nas Comisións:
 - Participación en feiras nacionais e internacionais, presentacións e 'showrooms' internacionais, contratación doutra axencia para levar redes sociais, actividades de formación e misións inversas.
 - Debate sobre o destino e calendario de actividades formativas da viaxe de aprendizaxe dos Sres. vogais do Pleno.
 - Presentación do Convenio de Promoción Internacional dos Viños Galegos proposto polo IGAPE.
 - Presentación da acción promocional Vino&Camelias na cidade de Valencia, organizada pola Consellería de Cultura e Turismo (Axencia Galega de Turismo e Turgalicia) para promocionar o turismo de calidade, relacionado con pazos, camelias, xardíns, cultura e tamén os viños de Rías Baixas.
- Informar aos Sres. vogais sobre a posta en marcha do Plan Estratéxico para a dinamización das Comarcas Vitivinícolas de

Galicia que a Consellería do Medio Rural encargou á Fundación Juan de Vega.

- Informar aos Sres. vogais sobre o detalle na xestión dos cobros de cuotas aos inscritos. Tamén revisar o estado de execución dos orzamentos do 2019 pechados á data de celebración da reunión.
- Debatir sobre os cambios propostos na levanza dos libros de Impostos Especiais. Como resultado do mesmo, súxrese a organización dunha xornada de formación para falar dos cambios normativos e volver a reclamar ás administracións a unificación dos programas informáticos, na liña da simplificación administrativa.
- Informar aos Sres. vogais sobre os traballos da Consellería do Medio Rural e o ANTEGA para o desenvolvemento dun software denominado CONVIT, para a levanza informática dos libros de rexistro de adegas.

ACORDOS ADOPTADOS:

- Aprobar o briefing, elaborado polas Comisións de Promoción e Permanente, que serve de soporte para a convocatoria do concurso de creatividade y de axencia de medios.
- Aprobar o peche orzamentario do exercicio 2018.
- Acordo para autorizar ao Sr. presidente do Consello Regulador, D. Juan Gil de Araujo a asinar o convenio de colaboración entre o Concello de Cambados e o Consello Regulador para a organización das actividades vinculadas á LXVII edición da Festa do Viño Rías Baixas Albariño.
- Aprobar os cambios organizativos propostos para a XXXI Edición da Cata Concurso Rías Baixas Albariño de Cambados, pasando a celebrarse os días xoves e venres inmediatamente anteriores ao primeiro domingo do mes de agosto.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 21 DE XUÑO DE 2019.

ASUNTOS ANALIZADOS:

- Análise do informe co histórico das cualificacións e aforos elaborado polos Servizos Técnicos, coa intención de ter unha visión global da marcha das verificacións de aptitude dos viños.
- Repaso das actividades realizadas no primeiro semestre do ano, as accións pendentes para os vindeiros meses e as pro-

postas de colaboración recibidas.

- Presentación do proxecto da axencia AVANTE Medios para a campaña de verán (objetivos, público, medios, soportes, calendario e orzamento).
- Presentación das propostas para a campaña USA 2019/2020. A campaña mantén as dúas liñas de actuación: unha de comunicación xenérica, aberta á participación de todas as adegas, y outra á carta, na que as adegas interesadas poden escoller a acción e o mercado ao que queren dirixirse.
- Debate sobre a reforma da PAC, sobre as análises isotópicas dos viños e sobre os retrasos nas tramitacións de expedientes nas Oficinas Comarcales Agrarias.

ACORDOS ADOPTADOS:

- Aprobación dos cambios propostos polas Comisións de Viticultura e Permanente para as Normas de Vendima que rexirán durante a campaña 2019. Os cambios máis destacados concréntanse nos requisitos necesarios para regularizar os centros de acopio de uva durante a vendima e os procedementos de control sobre os mesmos. Ademais, as normas son máis claras en definir a competencia dos auditores/vedores para realizar e documentar as auditorías nos viñedos, ben con carácter previo á vendima, ben durante a mesma.
- Acordo sobre as respostas recibidas de viticultores e adegas aos expedientes de baixa incoados por falla de actividade.
- Acordo sobre as respostas recibidas dos viticultores aos expedientes abertos por non responder ás non conformidades detectadas durante as auditorías de viñedos.
- Acordo sobre a cualificación da colleita do 2018. Sobre a base do documento técnico elaborado polo Órgano de Control do Consello Regulador, los Sres. vogais toman o acordo de cualificar a colleita do 2018 como "MOI BOA". A memoria técnica recolle información comparada de analíticas e puntuacións medias dos viños co anos anteriores, información de valoracións emitidas polos enólogos. Tamén se nutre coas aportacións expresadas polos expertos nacionais e internacionais nas guías e publicacións especializadas.
- Ratificación do convenio de colaboración co Concello de Cambados para a organización da LXVII Edición de la Festa do Viño Rías Baixas Albariño de Cambados: cesión das casetas para a exposición do Paseo da

Calzada, organización da XXXI Edición da Cata Concurso Rías Baixas Albariño 2018 e organización do IX Túnel Profesional do Viño.

- Aprobación das bases polas que se rexerá a celebración da XXXI Edición da Cata Concurso Rías Baixas Albariño 2018.
- Acordo para suscribir convenios de colaboración coa Asociación Adegas do Rosal, a Confraría do Viño Condado do Tea e Espumosos e coa Asociación de Amigos do Capítulo Serenisimo do Albariño, e autorización ao Sr. presidente del Consejo Regulador, D. Juan Gil de Araujo, para a súa sinatura.
- Ratificar a proposta de nomeamentos para o Capítulo Serenisimo do Albariño (Cabaleiros e Damas, Albariñenses de Honra, Follas de Prata, Xóvenes Albariñenses).

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 24 DE XULLO DE 2019.

ASUNTOS ANALIZADOS:

- Debate e valoración do documento de estimación de colleita elaborado polo Departamento Técnico do Consello Regulador.
- Informar e valorar a execución dos orzamentos pechados a data 15 de xullo de 2019. Ata esa data, o 64,87% dos ingresos proceden das cuotas e canon de viño, e o 73,5% dos gastos destináronse a actividades de promoción e de campaña.
- Informar aos Sres. vogais sobre os resultados da Auditoría de Estados Financeiros elaborada sobre o exercicio financeiro do 2018.
- Informar aos Sres. vogais sobre o desenvolvemento do Plan Estratéxico posto en marcha pola Consellería do Medio Rural; a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia para a dinamización das Comarcas Vitivinícola galegas.
- Informar e debater cos Sres. vogais sobre a reunión mantida con representantes do AGACAL e da Subdirección Xeral de Industrias Agroalimentarias para trasladar anomalías xurdidas durante a vendima, reforzar a labor auditora dos Consellos Reguladores vitivinícolas e coordinar actuacións cos inspectores dos departamentos da Xunta de Galicia.
- Informar e debater cos Sres. vogais sobre os pormenores da viaxe de estudos á rexión vitivinícola da Champaña.

- Informar e debater sobre os cambios na nova extensión de norma da Organización Interprofesional do Viño de España (OIVE).

ACORDOS ADOPTADOS:

- Ratificar os resultados propostos no documento de estimación de colleita elaborado polo Departamento Técnico do Consello Regulador. En base á información facilitada polos técnicos de campo das adegas e das empresas agrarias da Denominación de Orixe e sobre o traballo de campo realizado polos técnicos do Consello Regulador, os Sres. vogais estiman un descenso de produción dun 6% sobre a colleita do ano 2018.
- Estudio e aprobación da Memoria de Actividades correspondente ao exercicio 2018. Como tódolos anos, o documento resume a información estadística da vendima e os rexistros, os datos de mercados e exportacións, a información sobre os orzamentos aprobados e o peche do exercicio contable, así como testimonios das accións de promoción e marketing, presenza en medios, redes sociais e campaña.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 19 DE DECEMBRO DE 2019.

Toma de posesión das súas actas como vogais dos Sres. D. Arturo Conde Fernández, que substitúe a Dña. M^a Ángeles Vicente Manzano en calidade de primeiro suplente do Censo A do sector Produtor - Subcenso A1 de Viticultores ≤ 2 Ha. da Subzona do Rosal na candidatura presentada pola Asociación Agraria de Galicia, e de D. José Estévez Pomar, en representación da Adegas Viña Almirante, S.C.G., que substitue a D. Lázaro Gándara Sobrino, este último en representación de Adegas Eidosela, S.C.G., como vogal suplente da candidatura presentada pola Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA) para o Censo C de Adegas de base cooperativa.

ASUNTOS ANALIZADOS:

- Estudio, valoración e debate do informe da campaña de vendima 2019 presentado polo Órgano de Control do Consello Regulador.
- Estudio, valoración e debate do Informe

me Anual sobre as actividades realizadas polo Órgano de Control e o Informe sobre verificación de aptitude e existencias. O documento de traballo inclúe datos sobre as actuacións realizadas cos viticultores inscritos (altas, baixas, cambios de titularidade, auditorías de viñedos, revisións, etc.) e coas adegas (rexistros, auditorías, inscrición de marcas, controis de mercado, altas e baixas de adegas, verificación de aptitude dos viños, etc.). Tamén recolle información sobre o estado da certificación do Órgano de Control, a auditoría de ENAC e a formación e adaptación do panel de expertos á Norma 17.025.

- Estudiar e valorar o estado de execución dos orzamentos de 2019 pechados a data 13 de decembro de 2019.
- Presentación do resumo do ano finalizado por parte do Sr. presidente do Consello Regulador: posicionamento, comercialización, incertidumes. Agradecementos e felicitacións ao traballo realizado por viticultores e adegas inscritos.
- Debate sobre o Brexit e os aranceis que o Goberno dos EEUU impuxo aos vinos españois ao amparo da sentenza emitida pola OMC. Trasladar a preocupación e solicitar apoio ás administracións.
- Debate sobre a crecente dificultade de contratar persoal para realizar os traballos de vendima. Temor a que esta situación se convirte en estrutural. Apelar á procura de solucións laborais ou técnicas, tanto coas administracións como internamente.

ACORDOS ADOPTADOS:

- Aprobar o Plan Integral de Promoción, Marketing, Relacións Públicas e Comunicación para o exercicio 2020, cun importe en orzamento de 2.437.262,00 euros.
- Aprobar a nova creatividade baseada no valor que teñen os viños de Rías Baixas, que ademais da consideración do mercado nacional, tamén son apreciados a nivel internacional. Por iso se propón o 'claim' "gusta aquí gusta alí".
- Acordo para autorizar ao presidente para asinar o convenio do IGAPPE para a participación do Consello Regulador no Plan de Internacionalización dos viños e augardentes galegos. Trátase dunha acción dotada cun orzamento de 390.000 euros para investir entre os anos 2019 y 2021.

- Aprobar as cuotas dos inscritos para o exercicio 2020: unha cuota fixa de renovación rexistral por un importe de 7 euros por viticultor; unha cuota variable de 5 euros por cada 1.000 m² de superficie inscrita; unha cuota de 25 euros para novas inscricións; unha cuota de 66,67 euros por cada 1.000 litros de viño verificados, e manter os márxenes sobre o prezo de compra das precintas.

- Aprobar os orzamentos do exercicio 2020, para un volume de ingresos previstos de 3.904.700,00 euros, que se desglosan como segue: no apartado de ingresos, o 53,04% procederán das cuotas, o 20,49% do remanente de anos anteriores, o 20,90% das subvencións e o restante 5,57% de ingresos extraordinarios. En canto aos gastos, o 69,77% do diñeiro destinarase a sufragar a campaña e as actividades de promoción, o 19,82% aos Servizos Técnicos e o restante 10,41% a gastos de funcionamento.
- Acordo para habilitar ao Sr. presidente para que, en caso de necesidade e previa información aos Sres. vogais, poda suscribir unha póliza de crédito por importe de 300.000 euros.

REUNIÓN DAS COMISIÓNS DO PLENO

- Comisión Permanente:
 - 25 de xaneiro de 2019.
 - 12 de marzo de 2019.
 - 30 de maio de 2019.
 - 05 de xuño de 2019.
 - 05 de xullo de 2019.
 - 16 de xullo de 2019.
 - 22 de outubro de 2019.
 - 15 de novembro de 2019.
 - 26 de novembro de 2019.
 - 04 de decembro de 2019.
- Comisión de Viticultura:
 - 28 de xaneiro de 2019.
 - 26 de abril de 2019.
 - 24 de outubro de 2019.
- Comisión de Promoción:
 - 19 de febreiro de 2019.
 - 24 de maio de 2019.
 - 30 de maio de 2019.
 - 05 de xullo de 2019.
 - 16 de xullo de 2019.
 - 22 de outubro de 2019.
 - 15 de novembro de 2019.
 - 04 de decembro de 2019.

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui

Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)

Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546

www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.eu

Realiza: Cuerpo a Cuerpo Comunicación. R/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO

D.L.: PO 582-2019



FEADER

Europa inviste no rural



**XUNTA
DE GALICIA**